




# PENAS DAS RODAS


Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 5 km desde Rábade e 7,5 km desde Outeiro de Rei

**Dificultade:** baixa

**Duración:** variable



As Penas de Rodas son dous “ollos alucinados”, di Manuel María no seu poema, pero os ollos que alucinan son os dos que os miran, tanto polo curioso do seu tamaño e forma, e o conxunto que conforman. Tamén é admirable que a ninguén se lle ocorrixe estragalas como a tantas outras que teñen sido desfeitas ao longo do noso país. Será tal vez por medo a que se faga realidade algunha das lendas que perviven no lugan dende hai tantos anos. A xente di que son obra do demo ou dalgún trasno que está á espera dalgúen que sexa quen de movelas. Tamén contan que unha está chea de ouro e a outra de xofre (ou alcatrán). Non se poden romper porque non se sabe cal é a do ouro e se se abre a do xofre ou do alcatrán extenderíanse polo mundo queimandoo todo. Hai quen asegura que son un santuario astronómico.

As Penas de Rodas está situadas na parte alta do lugar da Feira na parroquia de Gaioso (Outeiro de Rei). Son dous grandes bolos de granito de mica negra de 5 m de diámetro, en equilibrio, creadas pola erosión da auga durante milleiros de anos. Están rodeadas de piñeirais e pasteiros e no centro dunha área de lecer.

## COMO CHEGAR

Pódese ir desde Outeiro de Rei por Rábade, para cruzar o Miño, e alí coller a estrada que vai a Uriz (onde se cruza o Ladra) para chegar á Feira. Desde este lugar pódese ir en directo ou seguindo a ruta indicada como “Miradoiro da Terra Cha”. Pódese facer a pé, en bicicleta ou en coche; o último tramo é por unha pista de terra.



## POEMIÑA DAS PENAS DAS RODAS

*En Gaioso, ollando a Chá,  
hai dúas penedas ergueitas.  
¡Semellan non ser verdá  
redondeces tan ben feitas!*

*As penas das Rodas son  
dous ollos alucinados  
que espían con atención  
os eidos máis alonxados.*

*Se ambas penas se desfán  
arde, co mundo, un tesouro:  
unha pena é de alquitrán,  
a outra unha trabe de ouro!*

*Non sodes, non, cantería,  
ouh penas de encantamento.  
Temo que calquera día  
vos poida levar o vento!*

(Manuel María, TERRA CHÁ, 1954)



A Feira (Gaioso, Outeiro de Rei)



Muiño da Ponte e caneiro no río Ladra, entre Outeiro de Rei e Begonte

